




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data catorce de xullo de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 266 / 2016

Data decreto: 14/07/2016

Descrición decreto: Nomeamento persoal laboral temporal socorrista para piscina municipal a 40 horas semanais subvencionado pola Deputación provincial e formación bolsa de emprego.

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento dun socorrista para a piscina municipal a 40 horas semanais como persoal laboral temporal, subvencionado pola Deputación provincial, de acordo coas bases da convocatoria do Decreto 222/2016, e segundo consta na acta da Comisión seleccionadora deste persoal laboral temporal de data 12/07/2016.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como socorrista a Alfonso Félix Novo Sandá con DNI 46909006T.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación polo interesado da seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.

- Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro.

SEGUNDO.- Aprobar a bolsa de emprego de socorrista para a piscina municipal a 40 horas semanais subvencionado pola Deputación provincial segundo o sinalado no punto cuarto das bases de selección que obtiveron alomenos 2 puntos:

1.- CARLOS MOSTEIRO VARELA, con DNI 78806065S (2,25 puntos)

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requerida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 15/07/2016.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto catorce de xullo de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 14 de xullo de 2016

V^o Pr.
A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

